



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Nº 33 / 2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA DE TERRITORIO PARA A CONSERVACIÓN DE REFUXIOS DE MORCEGOS, PARA ACTUAR NO MOSTEIRO DE CAAVEIRO

Na Coruña, o 1 de marzo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. Xesús Manuel Soto Vivero, Deputado de Patrimonio, Contratación e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área, e

Doutra parte, D. Roberto Jesús Hermida Lorenzo, presidente da Asociación Galega de Custodia de Territorio,

Ambas as partes, na representación que desempeñan, recoñécense mutua capacidade para obrigarse e

EXPOÑEN

I. Que a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Galega de Custodia de Territorio, consideran de mutuo acordo e de gran interese conxunto a celebración dun acordo de Custodia do Territorio para a conservación dunha colonia de morcegos no Mosteiro de Caaveiro (propiedade da Deputación Provincial da Coruña).

II. O morcego de ferradura pequeno é unha especie incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría de Vulnerable. Atópase tamén incluído no anexo II da Directiva 92/43/CEE (Directiva hábitats) como especie cuxa protección é prioritaria e para a que é necesario designar espazos para a súa conservación.

En Galicia, debido ás transformacións experimentadas polo medio rural, a práctica totalidade dos refuxios de cría desta especie atópase en construcións humanas. A xestión adecuada destes refuxios é fundamental para a conservación da especie. As administracións públicas deben mostrar, neste sentido, un espírito pioneiro e didáctico na procura de solucións que faciliten a coexistencia dos morcegos coas actividades que se desenvolven nos edificios da súa propiedade.

A colonia de cría existente no Mosteiro de Caaveiro alcanzou no ano 2010 as 22 femias adultas, sendo a colonia desta especie máis importante do Parque Natural Fragas do Eume. A

localización no soto do mosteiro representa unha excelente oportunidade para achegar, aos numerosos visitantes, información sobre o morcego de ferradura pequeno, sensibilizar sobre as súas necesidades ecolóxicas, desterrar falsas crenzas e servir como exemplo de referencia na coexistencia de morcegos e visitantes nun mesmo edificio.

Esta coexistencia non só non debe supor un problema, senón que incrementa o valor patrimonial do edificio e dótao dun valioso recurso didáctico. Este recurso didáctico revalorízase ao presentarse nunha contorna natural protexida, ante un público con inquietudes no aspecto ambiental e patrimonial.

III. Ambas as institucións consideran de mutuo acordo e de gran interese conxunto a conservación activa da biodiversidade do espazo natural, así como o incremento do valor turístico e patrimonial do Mosteiro de Caaveiro.

IV. Que a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Galega de Custodia de Territorio, están interesados nesta proposta para a mellora e posta en valor do refuxio de morcegos de ferradura pequena (*Rhinolophus hipposideros*) no Mosteiro de Caaveiro.

V. A Lei 42/2007 do 13 de decembro do patrimonio natural e da biodiversidade establece no seu artigo 72 que as administracións públicas fomentarán a custodia do territorio (definida no artigo 3.9) mediante acordos entre entidades de custodia (reguladas no artigo 3.37) e propietarios de terreos privados ou públicos que teñan por obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

VI. A Asociación Galega de Custodia de Territorio é unha entidade sen ánimo de lucro que desde o ano 2008 ten como fins tanto a conservación e recuperación de patrimonio natural utilizando como instrumento principal a Custodia do Territorio, como a difusión e fomento da Custodia do Territorio entre os axentes implicados e a sociedade en xeral, facéndoos partícipes da xestión sustentable do territorio.

VII. Con data de 29 de decembro de 2014, formalizouse en documento administrativo número 339/2014 o primeiro convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Galega de Custodia de Territorio para actuar no Mosteiro de Caaveiro,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Galega de Custodia de Territorio, para a conservación de refuxios de morcegos no Mosteiro de Caaveiro, situado no Parque Natural das Fragas do Eume.

Segunda.- Actuacións de colaboración.

1. A Deputación colaborará coa Asociación Galega de Custodia de Territorio facilitando o acceso ás instalacións.

2.- A Asociación asesorará a Deputación Provincial da Coruña en todas as medidas encamiñadas á protección desta especie, e realizará os correspondentes estudos.

3.- A Deputación comprométese a:

- Velar polo adecuado uso dos sotos do mosteiro, de modo que se garanta a tranquilidade e condicións ambientais necesarias para a colonia.

- Asesorarse adecuadamente cos técnicos da asociación para calquera actuación que puidese modificar as condicións do soto, co fin de garantir a minimización das molestias á colonia.

4. A Asociación Galega de Custodia do Territorio comprométese a:

- Prestar asesoramento técnico en todo o que fose preciso referido á conservación da colonia ou doutros morcegos presentes no mosteiro. Neste sentido a entidade contará coa participación da Asociación Drosera como unha colaboración técnica.

- Facer un seguimento anual da colonia, que permita coñecer o seu estado e avaliar a eficacia das medidas que se adopten.

- Colaborar no deseño de recursos didácticos.

Terceira.- Achegas

A sinatura do presente convenio non derivará en obrigação económica ningunha para a Deputación Provincial da Coruña

Cuarta.- Difusión do convenio.

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades e a Excm. Deputación Provincial da Coruña, de tal modo que non se poderá esixir a esta, ningún tipo de responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

Quinta.- Vixencia e modificación.

O presente convenio estenderá a súa vixencia por dous anos que se contarán desde a data da sinatura. O devandito prazo poderá prorrogarse de forma expresa por outros dous anos máis.

Sexta.- Resolución do convenio.

Son causas de resolución:

a) Incumprimento das prestacións e obrigações establecidas nas cláusulas do convenio.

b) Mutuo acordo das partes.

Sétima.- Natureza do convenio.

1.O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas. No non previsto, e co fin de resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, aplicaráselle os principios recollidos no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

2.A xurisdición contencioso-administrativa será competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº 4269 de 23 de febreiro de 2016.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asinano por cuadruplicado e en unidade de acto, no lugar e data indicados ao comezo.

POLA EXCMA. DEPUTACIÓN DA
CORUÑA

O presidente, P.D.
O Deputado de Contratación,
Patrimonio e Equipamento

Xesús Manuel Soto Vivero

POLA ASOCIACIÓN GALEGA DE
CUSTODIA DO TERRITORIO

O presidente

Roberto Jesús Hermida Lorenzo